

SAL 009967 24 10 15 11:50

RESOLUCIÓN DO 21 DE OUTUBRO DE 2015 POLA QUE SE DELEGA A SINATURA DA POTESTADE CERTIFICANTE DO/DA SECRETARIA/O XERAL EN DETERMINADOS ÓRGANOS

Os Estatutos da Universidade no seu artigo 89 establecen como competencia propia do secretario ou secretaria xeral da Universidade *a expedición de certificacións da documentación oficial da USC* e a de dar fe pública dos acordos dos órganos de goberno, representación e administración da Universidade.

Ao ser competencia propia do secretario esta facultade certificante e ante o incremento destas funcións, por Resolución do 14 de xullo de 2003 se procedeu a realizar unha delegación de sinatura, nos termos establecidos no artigo 16 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, da facultade certificante do secretario xeral en distintos órganos administrativos para axilizar os procedementos administrativos e evitar así o atraso que se pode producir polo asinamento de certificacións.

Os cambios na estrutura da Administración Universitaria e nas funcións a realizar aconsellan actualizar a citada Resolución e aprobar unha nova delegación de sinatura da facultade certificante do secretario ou secretaria xeral

Por todo o anterior RESÓLVESE:

Primeiro.-

Delégase a sinatura da facultade certificante do secretario ou secretaria xeral da Universidade nos xefes das Unidades de Xestión Académica, para expedir as certificacións das materias seguintes:

1. As certificacións académicas persoais a pedimento dos interesados ou de oficio..
2. As que soliciten os interesados ou deban expedirse de oficio, referidas exclusivamente ós datos administrativos que constan nos expedientes que figuren nas devanditas Unidades de Xestión e non se deleguen expresamente nos xefes de División ou Subdivisións.

Segundo.-

Delégase a sinatura da facultade certificante do secretario xeral da Universidade nos xefes de División ou de Subdivisión, segundo proceda, das Unidades de Xestión Académica, para expedir as certificacións das materias seguintes:

- a. As que acrediten o pagamento ou exención dos prezos de matrícula.
- b. As que se refiran á presentación dos documentos esixidos para formalizar a solicitude de matrícula.

Terceiro.-

Quedan reservados ao secretario xeral da Universidade, e pola súa suplencia, ao secretario xeral adxunto coa excepción establecida no apartado cuarto da presente Resolución, a titularidade e exercicio en materia de alumnado da facultade certificante respecto de:

1. As certificacións supletorias dos títulos oficiais, así como dos títulos propios.
2. As certificacións en materia de alumnado que foran obxecto de delegación expresa.

Cuarto.-

Delégase a sinatura da facultade certificante do secretario xeral no vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo nos seguintes actos e sempre dentro do ámbito territorial do Campus de Lugo:

1. Asinamento das certificacións supletorias dos títulos oficiais de alumnos que rematen os seus estudos nas titulacións do Campus de Lugo.
2. Asinamento de certificacións en materia de alumnado matriculado no Campus de Lugo nas que a súa sinatura non estea delegada noutros órganos ou unidades administrativas.



Quinto.-

No eido das competencias atribuídas na xestión da investigación universitaria:

- a. Delégase no xefe do Servizo de Xestión de Actividades de I+D o asinamento de certificacións relativas ao financiamento, ingresos, execución de gastos e información económica en xeral, destinadas á xustificación diante das entidades financiadoras, das actividades de I+D que se realicen na USC.
- b. Delégase no xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D o asinamento de certificacións relativas aos datos que consten na documentación que se atopa nos arquivos do citado servizo.
- c. Delégase no vicerexente do Campus de Lugo as certificacións relativas aos datos que consten na documentación da Área de Xestión e Valorización de I+D no Campus de Lugo.

Sexto.-

Delégase na Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador:

1. As certificacións e informes sobre datos que figuren no POD/PDA, e aqueloutros que se derivan da Planificación Académica Anual.
2. As certificación respecto das colaboracións na docencia de persoal alleo á USC (área externa) que de ser o caso se realicen, sempre que teñan unha autorización previa.
3. A certificación da concesión da "venia docendi" .
4. A certificación respecto da acreditación de titores externo e clínicos.
5. A acreditación de datos que figuren na Vicerreitoría respecto do recoñecemento das actividades académicas, investigadoras e de xestión así como de representación sindical do profesorado da USC.

Sétimo.-

Delégase na Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa

1. As acreditacións de actividades do CeTA

- 2.- As acreditacións e certificacións do PFID (Programa de Formación e Innovación Docente)
3. As certificacións sobre coordinación, e participación nas Comisións Académicas do Posgrao Oficial (master e doutoramento do RD99/2011)
4. As certificacións de participación nas comisións de redacción dos títulos
5. As acreditacións do estado de tramitación da verificación/alta no RUCT dos títulos.
6. A acreditación/certificación como titor externo das Prácticas Externas.

Oitavo.-

Delégase no vicexerente do campus de Lugo a sinatura da facultade certificante do secretario ou secretaria xeral da universidade nos seguintes supostos:

1. Certificar a condición de persoal contratado no ámbito do campus de Lugo para os efectos de solicitar a concesión das subvencións de matrícula nos centros de ensino, ou para que produza efectos en calquera acto da vida administrativa dos interesados, unicamente no ámbito da Universidade de Santiago de Compostela.
2. Certificar os servizos prestados por persoal contratado temporal no campus de Lugo.

Noveno.-

Delégase no xefe do Servizo de Xestión de Persoal, en relación co persoal universitario, a función certificante do secretario xeral da Universidade, referida exclusivamente ós seguintes supostos:

- Certificar a condición de funcionario ou traballador da Universidade, en situación de servizo activo para solicitar a concesión de subvencións de matrícula nos centros de ensino.
- Certificar ou constatar a situación de servizo activo dos funcionarios ou traballadores para que produza efectos en calquera acto da vida administrativa dos interesados.

- Certificación dos datos que obren no expediente persoal do PAS para participar nos concursos de provisión de postos da propia USC.
- Certificar as contías das retribucións básicas e complementarias percibidas anualmente polo persoal universitario para os únicos efectos de presentar a declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
- Certificar ou constatar calquera extremo de carácter retributivo sobre cantidades percibidas polo persoal universitario para que produza efectos en actos da vida administrativa dos interesados..
- Certificar datos que consten na documentación que se atope nos arquivos do citado servizo

Décimo.-

Delégase no xefe da Sección do Centro de Posgrao:

1. As certificacións sobre dirección e titorización de teses lidas e de proxectos dirixidos ou de plans de investigación no caso de teses non lidas na data do certificado.
2. As certificacións sobre tribunais de teses e tribunais para a obtención do diploma de estudos avanzados.
3. As certificacións sobre dirección de traballos de investigación tutelados, coordinación e docencia en Programas de Doutoramento do RD 778/1998.
4. As certificacións sobre coordinación e Comisións Académicas en Cursos ou Programas de Doutoramento
5. As certificación sobre dirección, coordinación, docencia en estudos de posgrao propio e formación continua.

Décimo-primeiro.-

1.- Delégase no xefe da Sección de Terceiro Ciclo, sen prexuízo do disposto no punto segundo, a sinatura da facultade certificante do secretario xeral en materia de estudos do terceiro ciclo, posgrao e formación continua, no tocante ás seguintes certificacións:

- a. As dos datos que consten nos expedientes do alumnado
- b. As certificacións académicas persoais de materias totais ou parciais.
- c. As que soliciten os interesados ou deban expedirse de oficio referidas exclusivamente aos datos administrativos que constan nos expedientes tramitados por esta sección.
- d. As que fagan referencia á data de iniciación dos procedementos de matrícula ordinaria ou extraordinaria que formalicen os interesados
- e. As que acrediten o pagamento ou exención dos prezos de matrícula.
- f. As que se refiran á presentación dos documentos esixidos para formalizar a matrícula.
- g. A acreditación da obtención da mención "cum laude"

2.- Delégase no/a xefe/a da Unidade e Xestión Académica do Campus de Lugo a potestade certificante das certificacións relacionadas neste artigo correspondentes ao campus de Lugo

Décimo-segundo.-

Excepcionalmente consideraranse autorizados a expedir certificacións, o xerente ou o vicerreitor que corresponda sempre que unha norma ou convocatoria estableza que algún destes órganos deben expedir certificados para aportar nun procedemento administrativo, debendo cumprir en todo caso coas disposicións sobre expedición de certificacións.

Décimo-terceiro.-

Delégase no secretario ou secretaria do Centro de Linguas Modernas

- As certificacións de superación dos cursos organizados por este Centro
- As acreditacións que soliciten os alumnos sobre formalización de matrícula e nivel dos curso
- Certificar datos que consten na documentación que se atope nos arquivos do citado servizo

Décimo-cuarto

Cando se emitan certificacións en uso desta delegación de sinatura farase constar así expresamente e consideraranse ditada polo órgano delegante.

Décimo-quinto.-

As certificacións automatizadas suporán a advocación da presente delegación de sinatura. Nestes casos as certificacións figurarán como expedidas polo secretario ou secretaria xeral e serán asinadas mediante selo de órgano.

A custodia e autorización para o uso do selo de órgano corresponderá a Secretaría Xeral.

Décimo-sexto-

En caso de ausencia ou enfermidade do órgano delegado, este ou o órgano delegante designará quen o substitúa.

Décimo-sétimo-

A Secretaría Xeral poderá ditar instrucións sobre os modelos de certificacións en desenvolvemento desta Resolución.

Disposición derogatoria.-

A presente Resolución derroga a Resolución do secretario xeral do 14 de xullo de 2003 así como as súas modificacións , así como calquera outra que se opoña ao contido da presente delegación de sinatura.

Disposición final.-

Esta resolución terá eficacia ao día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Oficial de anuncios electrónico da USC.

Santiago de Compostela, a 21 de outubro de 2015

A secretaria xeral



Consuelo Ferreiro Regueiro